

ENTRADO

O entrado foi o día 4 de setembro de 2008. No colexio Santa María fomos vestidos de froitas: os de infantil foron de amorodos, os de 1ª e 2ª de limóns, os de 3ª e 4ª foron de ananás, os de 5ª foron de peras e por último os de 6ª foron de laranxas. Tiñamos preparada unha canción pero como choveu non poidemos sair a dar unha volta cantando. A canción tiña a murga dos paxariños a voar. Os profesores tamen ían disfrazados.

Os nenos e nenas do colexio Santa María comemos orellas e freixós, bebemos batidos de chocolate. Despois os nenas e nenos de 6ª curso fomos para a clase e fixemos unha merendola. Nós tamén queimamos o boneco; fixémoslo coa nosa directora chamada Coché, metémoslle palla, petardos, un sombreiro moi grande.... Para sacalo ao patio foi un pouco difícil porque era moi alto. Os nenos de infantil viron como se queimaba desde a súa clase

Día do libro


O Día do Libro celebrámolo o 23 de abril.

Este ano no colexio fixemos unha exposición de libros de todos os alumnos.

Tamén fixemos un conto xigante que foi pasando de clase en clase para elaboralo.


Inauguramos a LILL, a nosa mascota da biblioteca.

Finalmente premiaron á creadora de LILL e á gañadora do mellor marcapáxinas.



A excursión ás Fragas do Eume

- **As fragas do Eume é a segunda reserva natural máis grande de Galicia. Nelas podense atopar animais como corzos, lobos, raposos, xabaríns...**
- **O pasado xoves 15 de Maio os nenos de 5º e 6º de primaria fomos de excursión ás Fragas do Eume**
- **Alí puidemos observar moitas especies de árbores, peixes, animais ...**
- **Pasamos por sitios difíciles polos que nos tiveron que axudar para non caer ao río. Tamén puidemos ver pequenas cascadas como a que podemos ver na imaxe.**
- **Vimos unha película onde puidemos observar a fauna e a vexetación que vive nas Fragas. Dixéronnos cousas sobre eles.**




O día 16 de Maio, véspera das Letras galegas, bautizamos varias dependencias do colexio coas fotos de famosos escritores da lingua galega:

- *5º e 6º colocamos na sala de mestres a Castelao*



- *3º e 4º colocaron na sala de usos múltiples a Eduardo Pondal.*



- *Educación infantil colocou na*



Biblioteca a Rosalía de Castro.

- *1º e 2º colocaron a Curros Enríquez na titoría.*

LETRAS GALEGAS

O día 21 de maio celebramos o día das letras galegas en Casa Do Peso. Actuamos todos

os rapaces da colexio:

- Os de infantil bailaron e cantaron 2 cancións.
- Os de 1º bailaron.
- Os de 2º cantaron.
- Os de 3º fixeron unha obra de teatro e cantaron.
- Os de 4º bailaron e recitaron.
- Os de 5º tocaron a flauta, bailaron e tocaron.
- Os de 6º fixeron unha obra de teatro, cantaron e bailaron.

